

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O Monte Liboreiro (Loboreiro)

Nos Montes Xistro e Liboreiro (Loboreiro), en Bueu (Pontevedra) andaban a minar os mouros que foron expulsados do lugar polo apóstolo Santiago que, igual có tenente que o acompañaba, levaban canda si cada seu loro. O loro de Santiago dixo (1):

□Vén, vén, que por aí vas ben!

E o do tenente respondeu:

□Vai, vai, que por aquí non o vin!

Santiago derrotou aos mouros e expulsounos do Loboreiro a través do cabo Udra onde quedaron as pegadas dos cabalos nunha rocha.

Os mouros que vivían no Loboreiro eran tres e deixaron un manuscrito e unhas pedras cos seus nomes inscritos.

[Segundo as versión recollidas en 1993 polos alumnos Salvador Castro, Martín Agulla e José Budiño, do colexio Público de Bueu e publicadas na revista escolar □O Candil□, nº 15, decembro de 1997]

(1). Nota sobre a variante que di que eran dous paxaros. Un pimpín que dixo □Por aí ben vin□, e un chaschás que dixo □Pôr aí non vas□.